



Unha vez analizada a solicitude, a Secretaría Xeral Técnica resolve conceder o acceso á información a que se refire a solicitude presentada.

Sobre a Federación Galega de Confrarías de Pescadores:

- Constan na Consellería do Mar, na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, as contas anuais e os orzamentos aprobados da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, consonte ao disposto na normativa de aplicación. Achégase copia, como anexo I á presente resolución, das contas anuais correspondentes ao ano 2015, así como dos orzamentos correspondentes ao ano 2017.

- Esta entidade na súa páxina web <http://confrariasgalicia.org/> ten accesible as contas anuais e os seus orzamentos, así como as subvencións percibidas.

- A Federación Galega de Confrarías de Pescadores deposita as súas contas anuais ante o Consello de Contas, polo que tamén poden ser consultadas a través da súa páxina web <http://www.consellodecontas.es/es/menu-consello/sector-publico>.

- As subvencións e/ou axudas recibidas no último exercicio foron as seguintes:

Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores (Gastos correntes) DOG Nº 118 do 22.06.2016	70.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores (Inversións) DOG Nº 194 do 11.10.2016	45.000 €
Proxecto técnico para mellora da xestión e estado ambiental dos recursos biolóxicos.	22.800 €

- Non consta na Consellería do Mar acreditación documental sobre o Imposto do Valor Engadido (IVE) nin sobre o Imposto de Sociedades (IS) por non estar obrigada a entidade a presentar tal documentación.

- Non consta na Consellería do Mar información sobre as indemnizacións por razón do servizo que lle puideran corresponder ao patrón maior e secretario,